



# Acompañamento espiritual e psicanálise

---

Carlos Domínguez Morano



## 1.- Situando o contributo da psicanálise

Non cabe esperar que a psicanálise ofrezca á tarefa de acompañamento espiritual algún contributo directo como recurso para levar a cabo un diálogo coma o que o acompañamento espiritual se propón. O que a psicanálise desenvolveu en canto diálogo que persegue a indagación do inconsciente, dificilmente podería aplicarse a un diálogo coma o de acompañar un proceso espiritual. Neste sentido, cabe afirmar que son outras escolas de psicoterapia as que poderían ofrecer recursos máis válidos e pertinentes ao acompañante espiritual. Así, por exemplo, toda a psicoterapia non-directiva de Carl Rogers pode ofrecer e, de feito, ofreceu importantes recursos para o desempeño dunha tarefa coma a do acompañamento<sup>1</sup>.

En calquera caso, conviría precisar moi ben os termos nos que se posíbel contributo da psicanálise debería levarse a cabo. Tanto máis, canto que nos aires da posmodernidade nos que nos movemos, nos que o «*homo psychologicus*» parece impoñerse cunha patente dinámica narcisista, podemos chegar a desvirtuar de modo substancial os obxectivos dun auténtico acompañamento espiritual.

Pasamos, en efecto, desde uns grandes receos e cautelas da espiritualidade respecto da psicoloxía (a dirección espiritual rise da psicoloxía, chegouse a dicir) ao extremo dunha auténtica psicoloxización da vida espiritual. Unha preocupación predominante

---

<sup>1</sup> GIORDANI, B., *La relación de ayuda: de Rogers a Carkhuff*, Desclée de Brouwer, Bilbao 1997. SAINT-ARNAUD, E., *La consulta pastoral de orientación rogeriana*, Herder, Barcelona 1972.